



Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se adxudican provisionalmente os destinos provisionais para o próximo curso académico 2021/22 ao persoal do corpo de mestres que non teña destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, ao que resulte desprazado por falta de horario, ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concellería, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino ou substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo.

Mediante Resolución do 16 de xuño de 2021 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 121, do 28 de xuño) convocouse o concurso de adxudicación de destinos provisionais para o próximo curso académico 2021/22 entre o persoal do corpo de mestres que non teña destino definitivo, ao que resulte desprazado por falta de horario, ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concellería, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino ou substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo.

Ao abeiro do que establece o punto sexto da citada resolución,

RESOLVE:

Primeiro.- Adxudicar provisionalmente os destinos provisionais para o próximo curso académico 2021/22 ao persoal do corpo de mestres que non teña destino definitivo, ao que resulte desprazado por falta de horario, ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concellería, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino ou substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo, de acordo coas normas para a adxudicación de destino provisional establecidas pola Orde do 7 de xuño de 2018 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 113, do 14 de xuño).

Segundo.- Ordenar a publicación da resolución provisional do concurso no portal da internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade www.edu.xunta.gal.

Terceiro.- De conformidade co disposto no punto sexto da Resolución do 16 de xuño de 2021, para o corpo de mestres o prazo para formular reclamacións ou renuncias contra a resolución provisional é de dous (2) días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación no portal da internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade www.edu.xunta.gal.

As reclamacións formularanse en todo caso por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). De formular a reclamación de xeito presencial, a persoa que a formule presencialmente será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da reclamación aquela en que foi realizada a emenda.

As renuncias á resolución provisional do concurso realizaranse a través de <http://edu.xunta.es/cadp> e non resultará necesaria a súa presentación na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela
O director xeral de Centros e Recursos Humanos
Jesús Manuel Álvarez Bértolo

